

**Barcelona, 9 de xuño de 2015**

**Rosario Álvarez**

**Universidade de Santiago de Compostela**

Querida Sabela,  
queridas amigas e colegas da Universidade de Barcelona,  
prezados compañeiros de mesa, querido Basilio,  
miñas donas, meus señores,  
amigos e amigas

Estar hoxe convosco para participar neste acto é unha das “encargas” máis fermosas que me fixeron na miña xa dilatada vida académica. Eu agradezo, de todo corazón, ás amigas e compañeiras de filoloxías galega e portuguesa da Universidade de Barcelona que me distinguisen co seu cariño para estar hoxe aquí, acompañando a Sabela e a todos vós, neste acto único, para ser a presenza e voz que traen o afecto e o recoñecemento desde o outro mar. Porque eu non veño só coa miña voz. Beizón.

Acompáñame en feliz compañía o sentimento de todos os membros do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela que ben quixeran estar hoxe aquí, no meu canto, con Sabela e con todos vós, que nos honrades a todos coa feliz iniciativa desta homenaxe á nosa querida amiga e compañeira. Entre nós, Sabela só fixo amigos. Traio, por iso, un saúdo do seu director actual, Ernesto González Seoane, que me remite as seguintes palabras:

Querida Sabela,

En nome propio e no de todas as persoas que formamos o Instituto da Lingua Galega, envíoches por este medio unha fondísima aperta de amizade e de gratitude polo teu traballo, sempre honesto e rigoroso, polo teu compromiso e entrega incondicionais, e tamén polo sorriso aberto con que sempre nos regalaches.

Bicos.

Onte á tardiña, cando estaba xa ultimando os penúltimos preparativos para a viaxe, recibín unha chamada telefónica para me ditar a seguinte mensaxe, co rogo de que a trouxese hoxe aquí: “A miña fervorosa homenaxe a Sabela Labraña polo seu saber filolóxico e o seu entusiasmo pedagóxico”. Era Xesús Alonso Montero, o máis vello dos nosos Catedráticos de filoloxía galega, que aos seus 86 anos xa hai moito que deixou de ser profesor emérito pero segue activísimo como Presidente da Real Academia Galega.

\*\*\*

Como ven, eu preparei un texto para ser lido. Sei que lle resta espontaneidade e frescura (non emoción nin sincera afectividade). Fíxeno así por respecto a Sabela e a todos vostedes, consciente da limitación extrema do tempo, pero sobre todo da necesidade de lle poñer límites estritos á natural incontinencia do torrente de afectividade. Quixera dicirlle tantas cousas a ela..., e gabala, sen disimulo nin mesura, diante de todos vostedes..., que non tería cabo.

\*\*\*

Loitadora, unha gran loitadora. E xenerosa, todo corazón, capaz de se entregar por completo, con paixón, sen reservas, ás súas causas. Estes foron os atributos máis repetidos entre os meus compañeiros de Santiago de Galicia, que eu dalgún xeito represento neste acto, cando lles pedín unha palabra con que definir a Sabela (isto é, á doutora Labraña Barrero, Sabela para todos nós). Esa é tamén a miña mellor definición, pero engadiría algo máis: ela é a ponte perfecta entre dous mundos, dúas culturas, dous mares.

Eu non sei se vostedes saben ben onde queda e como é Cedeira, nas Rías Altas, fundada nun abrigo onde a terra baixa a bicarse co mar no esteiro do río Condomiñas; digo “baixa” porque o que caracteriza a Costa Ártabra é debuzarse no océano desde alturas de ata 600 metros. Mar por medio, do outro lado, Irlanda, Gales, Cornualles... Non foi de alí mesmo de onde, segundo a tradición, saíu Breogán cos seus parentes, desafiando os perigos do mar, para poboa Irlanda, a illa que brillaba coma unha esmeralda no horizonte, pero sen dúbida os devanceiros ártabros dos actuais galegos de Cedeira participaron tamén nese intercambio. Valla como mostra desta ponte cultural, ancestral, que, mentres os nosos veciños do norte celebran o *samhain* (rito do final do verán), antecedente histórico do *halloween* (versión comercial americana, hoxe máis coñecida), os galegos da Costa Ártabra celebran o *samaín*, non só con lume e castañas, coma todos os galegos, senón poboando de tétricas cabezas de cabaza a noite de defuntos, esa noite máxica en que se

unen o mundo dos vivos e o mundo dos mortos, pois os nosos devanceiros acoden en feliz compañía ao fogar familiar. (Dito sexa nun á parte, foi precisamente o motivo do *samaín*, ¿como non?, o que provocou a incursión da polifacética e incansable Sabela no mundo da literatura infantil.)

Sabela Labraña Barrero, titulada Mestra de Ensino Primario pola Universidade de Santiago de Compostela (1974), licenciada en Filoloxía Románica (Galego-Portugués) pola Universidade de Barcelona (1988) e doutora en Lingüística pola mesma universidade (2005), foi antes de todo iso Belín ou Sabelín, filla de Susa (Jesusa) Barrero e de Robus (Robustiano) Labraña. E, isto é importante, nunca deixou de selo.

Nin o pai nin a nai eran mariñáns: tamén eles baixaron dos altos cumes da montaña para botar raíces á beira do mar. Ela, Susa, procede da aldea da Asar, parroquia de Rao, onde a serra do Barreiro serve de abrazo entre o concello lugués de Navia de Suarna e o concello asturiano de Santo Antolín de Ibias, onde se asentou o avó de Sabela, que aprendera para ebanista e puxo tenda de ultramarinos. O pai, Robustiano, carteiro de profesión, chegou desde as Brañas de Tineo, no corazón da Asturias occidental. Reparen ata que punto as orixes montańesas están ligadas indisolublemente a esta familia, con ese vínculo onomástico que é recorrente na nosa cultura tradicional: se nos atemos á gramática local, brañega, Robustiano Labraña apelidábase “da Braña” (en cast. “de la Braña”) e Jesusa Barrero vén da serra do Barreiro (as vías e porqués de castelanización do apelido é outra historia).

Alí, en Cedeira, Robus e Susa fundaron a súa familia, cunha rolada de oito nenos, dos que Sabela, nacida por acaso en Asturias, é a segunda. Dese xeito, a pequena vila mariñeira converteuse no centro do universo para todos os irmáns Labraña: a escola, os xogos polas rúas ou no areal, o río e a ría, as chalanas, o peirao...; as crenzas, as tradicións, a lingua, o modo de vida da beiramar... todo pasou a formar parte da infancia de Belín ou Sabelín (como dialectóloga, entre filólogos, debo chamar a atención sobre ese diminutivo en –*ín*, que delata as raíces familiares na montaña oriental).

Na patria da infancia encontráronse os dous mundos: a rexa condición labrega, inabatable, inasequible ao desalento, vinda da serra do Barreiro e das Brañas de Asturias, deuse a man coa afouteza destemida dos mariñáns, capaces de venceren o bravo mar e de comeren o mundo. E aí teñen a Sabela: ninguén dirá que non é firme e rexa coma unha roca, sen que a fagan abalar das súas

convicións as dificultades que sempre hai nin desviarse do camiño recto por interesados engados; tamén ninguén dirá que Sabela non ten ese punto de ousadía dos que se botan ao mar para facer o que é debido, con valentía, e só despois, a posteriori, analizan as consecuencias.

Resistencia labrega e afouteza mariñeira, unha feliz combinación na meniña montañesa que medrou na beiramar. Pero hai outra característica de Sabela que eu admiro máis: sempre cos brazos abertos, tendendo as dúas mans, disposta a facer cadea, a unir vontades, a sumar esforzos. Con enerxía contaxiosa, sen desmaiar.

\*\*\*

Polifacética, con intereses dispares, con entusiasmos múltiples. Na vida, na docencia, na investigación. Sinalarei só algúns deles, por cinguirme ao tempo e por non reiterar o que outros colegas dixeron ou dirán.

Estivo atenta á lingua e identidade lingüística dos galegos instalados en Cataluña, tanto a través de artigos que nos iluminaron a todos sobre os usos, a transmisión interxeracional, os prexuízos, a convivencia lingüística, etc., como a través do proxecto *Galauda*, para o ensino da lingua e cultura galegas na secundaria catalá, do que sentiremos falar, moito e ben, con certeza, deica un pouco; pero tamén, nunha mostra de honestidade que se deriva de maneira natural do seu carácter, fixo máis do que estaba na súa man para promover o ensino da lingua catalá na secundaria galega. Sempre Sabela facendo de ponte: presenza de Galicia en Cataluña, presenza de Cataluña en Galicia.

Volcouse nos rapaces e viaxou con eles para lles mostrar con paixón o mellor de Galicia, exercendo esa gran vocación polo maxisterio que impregna a súa actividade dun entusiasmo capaz de mover montañas. Auténtica vocación de *mestra*, que no seu caso combina todos os sentidos da palabra. Tamén no ámbito universitario: alí onde se necesitase unha tradución ou unha recensión crítica, alí estaba o “círculo” de Sabela, con ela sempre atenta a dar a coñecer en Galicia obras relevantes producidas en Cataluña no campo da lingüística (como Directora de ELG dou fe directa).

Non por acaso se interesou pola convivencia lingüística, baseada no respecto e no coñecemento. E pola intercomprensión lingüística, coa que volvemos de novo ao respecto mutuo, ao recoñecemento da identidade do outro, aos dereitos lingüísticos en paridade... Moitos compartimos os presupostos de EuroComRom, pero cando houbo que poñerse ao labor aí estaba Sabela (e

non só, claro: ela é sempre muller que traballa en equipo, como debe ser). Sabela abrindo camiño para o entendemento. Sabela tendendo pontes.

Escolleu dúas liñas de investigación que poucas veces poden converxer, a sociolingüística e a fonética acústica, e nunca quixo renunciar a ningunha das dúas. O feito de que ambas estean representadas nesta mesa, por persoas que poden falar con mellor competencia ca min, evítame adentrarme no labor de investigación. De modo que vou rematando.

\*\*\*

Sabeliña, naciches para ser un *vencello*. Non é casual o nome que lle puxestes ao voso libro para ensinar galego fóra de Galicia.

O mar e a montaña, Asturias e Galicia, o bravo Atlántico e o maino Mediterráneo, o ensino primario e o universitario, a investigación e a intervención educativa, Galicia e Cataluña... Sabeliña, parabéns. Beizón.